

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2018/1	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	28 de maio de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 20:20 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello
<b>Presidida por</b>	FELIPE TRAVESO GARCÍA
<b>Secretario</b>	MIGUEL ÁNGEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34964132S	FELIPE TRAVESO GARCÍA	SÍ
34970796D	FERNANDO MIGUEL VÁZQUEZ LORENZO	SÍ
34996846T	JOSE FRANCISCO SANTANA DOVAL	SÍ
76707075M	JOSEFINA GÓMEZ SIMÓN	SÍ
76720275A	JUAN MANUEL QUINTAS LORENZO	NON
34975993P	MANUEL PEREZ MANSO	SÍ
34981419Y	Mª JESÚS TEJEIRO MORÁN	SÍ
34970384B	Mª JOSE MANSO CABRERA	SÍ
34974010A	TITO TRAVESO TEJEIRO	SÍ
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. JUAN MANUEL QUINTAS LORENZO: «Non pode vir.»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Propónse a aprobación da acta anterior de 26 de marzo de 2018. Queda aprobada por unanimidade dos presentes.

### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

#### Dar conta de Decretos de Alcaldía

Dase conta de Decretos de Alcaldía do mes de Marzo e Abril de 2018.

#### Periodo medio de pago 1º trimestre 2018

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do primeiro trimestre.

Importe pagos realizados : 53.083,88 nº operacións: 298

Importe pagos pendentes : 0,00

Ratio operacións pagadas : -10,44

Ratio operacións pendentes de pago : 0,00

Período medio de pago : -10,44

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

#### Rogos e Preguntas



Trácese a palabra o portavoz do Partido Popular, José Francisco Santana Doval e pregunta en relación ao tema da empresa de limpeza e os impagos aos empregados, que como está iso.

O Sr. Alcalde, Felipe Traveso García, di que é cousa dos empregados. O Portavoz do Partido

Popular di que saben que están pendentes de cobrar uns meses e pregunta se cobraron ou non cobraron. O Alcalde di que non está autorizado a dar esa información. Di que é información dos empregados que terá que darlles eles se queren darlles a información. Pregunta o portavoz do Partido Popular o Sr. Secretario se iso é así . O Sr. Secretario di que trátase dunha relación entre a empresa e os traballadores, na que nos en principio non temos ... e continua o portavoz do Partido Popular dicindo que entonces cando na Xunta de Portavoces, se informou de todo iso e demais, pregunta se non era una relación persoal. Que como se entende iso. O Sr. Alcalde toma a palabra e di que hai unha empresa que contrata uns traballadores a partir de ahí di que o Concello non pinta nada, temos que pagar a empresa e esta paga aos traballadores. Se a empresa non paga aos traballadores, os traballadores reclamarán a empresa, que di que cree que si que lle reclamaron e é unha relación laboral pura e dura entre a empresa, e que a empresa xa cambiou. A anterior xa non temos relación con ela. Pregunta o Portavoz se xa se lle pagou todo o que se lle debía. Di o Alcalde que si. Di o Portavoz do Partido Popular que a parte da relación persoal, o Alcalde naquela Xunta de Portavoces informou que persoalmente ía a recomendar aos traballadores que denunciaran, e agora non podemos saber oficialmente como está ese tema, de ningún tipo de xeito. O Sr. Alcalde di que o Alcalde non está autorizado a dar esa información. E o Portavoz do Partido Popular di que conste en acta.

O Portavoz do Partido Popular pregunta tamén como va o tema das notificacións electrónicas, que como funciona iso.

O Sr. Alcalde di que as notificacións electrónicas que se instalaron que o principio sempre é problemático, que se fan as notificacións vía telemática e se están facendo tamén cercionando de que todo o mundo as reciben. Nas implatacións novas sempre pode haber problemas por erros ben do usuario, porque o programa non esté ben configurado, necesítase tempo para ir adaptándose todos as novas cousas. Pregúntalle se ten algún problema, pregúntalle ao concelleiro do PSdeG-PSOE se segue sin recibilas, e este coméntalle que neste caso como as recibiu en papel non mirou doutra maneira. O Portavoz do Partido Popular di que as recibiu pero que a súa pregunta, ven porque recibiu estas dúas convocatorias en papel (comisión especial de contas e pleno) pero había outra convocatoria para o venres pasado. Pregunta o Alcalde cal. Contéstalle o Portavoz que a da Mesa Xeral de Negociación. E pregunta o Alcalde se non a recibiu. O Portavoz do Partido Popular di que se lle entregou estas dúas en man, e casualmente mirou o correo para informarse, e resulta que había outra a da Mesa de Negociación na que non se lle chamou, nin se me deu papel, entonces simplemente saber a que aternos. Porque en principio quedamos en que hasta que non estivera definitivamente implantado que íamos seguir o mesmo trámite, se hai que estar pendentes do correo, estaremos pendentes do correo pero non é normal que reciba dúas convocatorias en papel e o mesmo día se remita unha telemáticamente, nin se me chama por teléfono nin se me diga. Di o Alcalde que non sabe, que falará cos funcionarios a ver que problema houbo. Di o portavoz do Partido Popular que a súa queixa é porque xa é a segunda vez xa que a semana anterior houbo mesa xeral e se remitiu telemáticamente e non se lle chamou e non se entregou papel. Saber se nos ceñimos o correo, nos ceñimos o correo. Di o Alcalde que non lle queda mais que pedirle disculpas. Interrumpe o Sr. Secretario, e di que todavía no día de hoxe preguntoulle a funcionaria, Isabel, se lles había chamado ao Portavoz del PSdeG-PSOE e a vostede para o da mesa de negociación , que non é un órgano colexiado, como no caso do Pleno e que se remitiu por correo electrónico ademais da notificación electrónica, e a funcionaria dixo que os chamara. Se non é así... O Portavoz do Partido Popular di que o chamou para a Xunta de Portavoces. O Sr. Secretario di que se refire a Mesa Xeral Negociación, e que a funcionaria di que os chamou. O Secretario puntualiza que non se trata de órganos colexiados como no presente caso no que como ben indicouse nun correo vamos seguir facendo a notificación en papel ata o dous de outubro e ata que non sexa obrigatorio, para que o recibáis todos. De novo insiste o portavoz do Partido Popular porqué se entregan dúas en man e outra non, e di que non é lóxico. O Sr. Secretario di que porque se mandou por

correo electrónico, a parte da notificación electrónica porque non son órganos colexiados. De todas maneiras non hai problema faise en papel e fora. Di o portavoz que non ten problema e ver todos os días o correo. El Sr. Secretario expón que a idea era que teñades (respecto os órganos colexiados) iso ahí. E di que falará coa funcionaria porque dixo que sí os chamara. De novo o Alcalde pídelles disculpas. Di que entende que son cousas distintas. Na reunión que houbo por negociación das bases de contratación falouse creo recordar que os medios de comunicación serían os correos electrónicos, pero podería haberse chamado. Confirma o Secretario que lle dixeron que chamaron, comprobareino e tratará que non volva a ocorrer. Toma a palabra o Concelleiro do PSdeG-PSOE, Manuel Pérez Mánso, e di que en relación a constitución da Xunta Rectora de Montes. Di que é sabido a implicación súa (dirixíndose ao Alcalde) desde o primeiro momento. Di que como veciños de Sandiás todos temos a posibilidade de facelo. Pero non entende o PSdeG-PSOE de Sandiás que como figura de Alcalde houbera desde o principio esa insistencia, intención. Por outra banda é coñecido por nos o contacto con veciños para forzar esa constitución. A Pregunta é cal é o motivo. A Situación do Monte e vello. E pregunta por o motivo. Pregunta o Alcalde que si se trata do Monte de Sandiás, o Concelleiro di que si. Di o Alcalde que non tivo nada que ver coa constitución da Xunta rectora de Sandiás. Puntualiza o Portavoz do Partido Popular que o de Piñeira. Di o Alcalde que pode reunirse con quen quera. O Alcalde di que foi a unha reunión para constituir a Xunta Rectora, explicouno ben alí o expresidente, Gil, que o coñecemos todos na condición na que iba alí. Pero di que o vaino explicar: O Sr. Gil, funcionario do Concello, no ano 2000 que foi cando se constituíu, foi nomeado Presidente. No 2004 a Xunta Rectora, teóricamente deixou de ter operatividade. Estamos no 2018 e nunca se fixo nada. O Sr. Gil pidiulle axuda, porque xa non era comuneiro e non tiña ganas de seguir co monte, e ofrecínlle o que soupera, que o puña a súa disposición. O Sr. Alcalde di que estivo informándose e Gil co seu asesoramento tratou de convocar unha reunión que se convocou, e que se celebrou en Piñeira. Nesa reunión non se tomou ningún acordo nela, porque nesa reunión había outras persoas que sabían mais que eles, e convocaron outra reunión. O Concelleiro do PSdeG-PSOE di que lle resulta curioso e pregunta porque non se fai nos montes de Cerredelo. E o Alcalde di que non houbo intención ningunha, e responde que foi alí nin como Alcalde nin como comuneiro, se non porque houbo unha persoa que pidiu que lle axudaran e a axudei. Non hai outro interés. Di que se quere formar unha comunidade de Montes en Cerredelo non ten nada mais que convocar os veciños e formala. Respecto a documentación sobre o posible uso de Remanente de Tesorería, o Concelleiro do PSdeG-PSOE solicita que se lle envíe a él tamén a documentación para o seu estudo. O alcalde di que sí e dille ao Portavoz do Partido Popular que tamén lle entrega agora ao terminar a documentación que lle entregou ao portavoz do PSdeG-PSOE na última Xunta de Portavoces na que non asistiu.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**